

Comisión de Calidade da Escola Técnica Superior de Enxeñaría - ETSE

Juan Carlos Vidal Aguiar, secretario accidental da Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñaría,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que a Comisión de Calidade da Escola Técnica Superior de Enxeñaría na sesión extraordinaria celebrada o 16 de maio de 2024 aprobou os seguintes puntos que se indican a continuación:

1. Aprobación, se procede, da Política de Calidade da ETSE

A Comisión de Calidade aproba a Política de Calidade da ETSE por asentimento.

2. Aprobación, se procede, do Plan Estratéxico 2024-2026

A Comisión de Calidade aproba o Plan Estratéxico 2024-2026 e por asentimento.

3. Aprobación, se procede, da solicitude de modificación non substancial do Máster de Computación de Altas Prestacións

A Comisión de Calidade aproba a solicitude de modificación por asentimento.

E para que así conste, asino o presente documento en Santiago de Compostela.

Anexos:

- Política de Calidade da ETSE
- Plan Estratéxico 2024-2026
- Modificación non substancial do Máster de Computación de Altas Prestacións

Política de calidade

A Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE) da Universidade de Santiago de Compostela (USC) desenvolve a súa política de calidade a través do seu plan estratéxico e o plan anual de melloras, que se elaboran e aproban de acordo co establecido nos procesos PE-01, Planificación Estratéxica e PE-02, Revisión e mellora, respectivamente.

A ETSE ten como **misión** contribuír, nun contorno estimulante, de innovación e de relacións humanas, á formación integral de profesionais comprometidos co desenvolvemento da sociedade baixo principios éticos, de igualdade, de sustentabilidade e de responsabilidade social.

A ETSE acolle grupos de investigación de referencia en enxeñaría e promove o desenvolvemento científico e tecnolóxico, potenciando actividades de investigación, de difusión da cultura tecnolóxica e de relacións con empresas, institucións e centros de investigación.

Para iso a ETSE dispón dunha ampla oferta formativa de grao e posgrao e conta con recursos humanos, equipos e instalacións que fan posible o desenvolvemento do labor docente e investigador.

No relativo á **visión** do centro, a ETSE quere ser recoñecida como un centro de referencia a nivel nacional e internacional pola calidade e amplitude da súa oferta formativa de grao e posgrao no ámbito da enxeñaría e polo desenvolvemento dunha investigación avanzada que dea resposta ás necesidades da sociedade.

A Escola quere ser recoñecida por aplicar metodoloxías docentes innovadoras nun clima de traballo colaborativo, amable e eficaz, cun profesorado altamente cualificado que fomente a adquisición por parte do estudiantado dos coñecementos e competencias necesarias para desenvolver a súa actividade profesional nun contorno cada vez máis cambiante e esixente.

A Escola quere impulsar a internacionalización da docencia e da investigación e manter excelentes relacións con outros centros autonómicos, nacionais e internacionais, con colexios e asociacións profesionais e, singularmente, cos seus titulados/as. Así mesmo, pretende incrementar a súa relación co tecido empresarial e ser un referente nas relacións universidade-empresa.

A ETSE réxese polo compromiso cos seguintes **valores** éticos e profesionais:

Éticos:

- Integridade
- Cordialidade e respecto mutuo
- Compromiso coa sociedade, o desenvolvemento sostible e a igualdade
- Transparencia
- Responsabilidade

Profesionais:

- Cultura da calidade e mellora continua
- Iniciativa
- Colaboración e participación
- Innovación e creatividade
- Flexibilidade e capacidade de adaptación aos cambios
- Liberdade de pensamento e expresión
- Espírito crítico
- Seguridade das persoas e das instalacións

As liñas estratéxicas definidas na Escola Técnica Superior de Enxeñaría inclúen: 1. Infraestruturas, recursos materiais e persoas; 2. Impulso e fortalecemento da docencia; 3. Visibilidade da escola e servizo a sociedade; 4. Internacionalización. Cada unha destas liñas concréntanse en obxectivos estratéxicos, á vez que estes quedan definidos polas correspondentes accións estratéxicas.

Liña estratéxica 1: Infraestruturas, recursos materiais e persoas.

Os obxectivos estratéxicos desta liña son:

- 1.1: Dotar e manter instalacións e equipamento docente.
- 1.2: Dotar de persoal docente e persoal técnico de apoio á docencia.
- 1.3: Mellorar a xestión administrativa.

Liña estratéxica 2: Impulso e fortalecemento da docencia.

Os obxectivos estratéxicos desta liña son:

- 2.1: Renovar e acadar novas acreditacións e mencións para os títulos da escola.
- 2.2: Revisión dá oferta docente do centro.
- 2.3: Fortalecer a formación do estudantado.

Liña estratéxica 3: Visibilidade da escola e servizo á sociedade.

Os obxectivos estratéxicos desta liña son:

- 3.1: Fortalecer a presenza da ETSE na sociedade.
- 3.2: Impulsar as relacións co tecido empresarial.
- 3.3: Atraer estudantado e acadar un maior equilibrio de xénero.
- 3.4: Implicar ao estudantado co centro.
- 3.5: Potenciar o uso da lingua galega.

Liña estratéxica 4: Internacionalización.

Os obxectivos estratéxicos desta liña son:

- 4.1: Impulsar a internacionalización dos títulos.
- 4.2: Impulsar a internacionalización do PDI e do estudantado.

Compromiso de calidade:

A ETSE é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia.

Tomando como referencia a política de calidade da USC, a ETSE elabora a súa política marcando como principal obxectivo o desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade como elemento fundamental e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos seus grupos de interese.

Tomando como referencia a política de calidade da USC (enmarcada dentro do despregamento do seu plan estratéxico) a Facultade elabora a súa política marcando como principal obxectivo o desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

A Escola quere ser recoñecida no contexto universitario e social por desenvolver programas formativos que garantan a mellor e máis adecuada formación para o seu estudantado, que dean resposta ás demandas do mercado laboral, que garantan as condicións de desenvolvemento profesional axeitadas ao seu persoal docente, investigador e de servizos e que renda contas do investimento e optimización dos seus recursos.

A Escola dirixe os seus esforzos cara á plena consecución da satisfacción das necesidades e expectativas de todos os seus grupos de interese e, a fin de satisfacelos, comprométese a empregar todos os recursos

técnicos, económicos e humanos á súa disposición; sempre dentro do estricto cumprimento dos requisitos legais aplicables, tanto a nivel autonómico como estatal e europeo.

Por todo iso, esta Escola adquire o firme compromiso de garantir a calidade e establece a súa política baixo estes principios:

- **Responsabilidade:** proporcionar unha formación dirixida á excelencia, garantindo unha oferta académica acorde coas necesidades e expectativas dos nosos usuarios e da sociedade en xeral.
- **Integración, participación e igualdade:** esta Escola establece como un dos principios esenciais da súa política que todas as necesidades dos seus grupos de interese sexan atendidas e que todos participen no desenvolvemento da Escola a través das vías establecidas para iso, garantindo a accesibilidade, a participación e a igualdade.
- **Orientación ao alumnado:** este centro garante no seu programa formativo a orientación ao alumnado, entendendo que é o principal receptor da devandita orientación.
- **Excelencia:** o traballo nesta Escola realízase tendo como meta a excelencia que marcan os principais modelos de calidade universitaria e as principais escolas e facultades recoñecidas.
- **Transparencia:** esta Escola basea a xestión do seu programa formativo na transparencia nos seus resultados e na súa difusión entre os seus grupos de interese.

A dirección desta *Escola* adquire o compromiso permanente coa mellora continua do seu programa formativo, para o cal o/a Director/a subscribe este documento de política de calidade o xx de xxxx de 2024.

A Directora da Escola Técnica Superior de Enxeñaría

Julia González Álvarez



ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR
DE ENXEÑARÍA

PLAN ESTRATÉGICO 2024-2026

ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA



Aprobado pola Comisión de Calidade da ETSE o 16 de maio de 2024

Informe favorable da Vicerreitoría de Titulacións e internacionalización / Área de Calidade e Mellora dos Procedementos
o _____

Aprobado pola Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñaría o _____

Aprobado pola Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno o ____

ÍNDICE

1. Introducción	3
2. Breve historia da Escola Técnica Superior de Enxeñaría.....	4
3. Misión, visión e valores.....	6
3.1. Misión.....	6
3.2. Visión.....	6
3.3. Valores.....	6
4. Liñas estratéxicas.....	7
4.1. Liña estratéxica 1: Infraestruturas, recursos materiais e persoas.....	7
4.2. Liña estratéxica 2: Impulso e fortalecemento da docencia.....	7
4.3. Liña estratéxica 3: Visibilidade da escola e servizo a sociedade.....	8
4.4. Liña estratéxica 4: Internacionalización.....	8
5. Diagnose estratéxica.....	9
5.1. Introducción á diagnose estratéxica.....	9
5.2. Liña estratéxica 1: Infraestruturas, recursos materiais e persoas.....	9
5.2.1. Análise DAFO.....	9
5.2.2. Análise CAME.....	11
5.3. Liña estratéxica 2: Impulso e fortalecemento da docencia.....	12
5.3.1. Análise DAFO.....	12
5.3.2. Análise CAME.....	14
5.4. Liña estratéxica 3: Visibilidade da escola e servizo a sociedade.....	15
5.4.1. Análise DAFO.....	15
5.4.2. Análise CAME.....	17
5.5. Liña estratéxica 4: Internacionalización.....	18
5.5.1. Análise DAFO.....	18
5.5.2. Análise CAME.....	20
6. Obxectivos estratéxicos.....	20
6.1. Liña estratéxica 1: Infraestruturas, recursos materiais e persoas.....	20
6.2. Liña estratéxica 2: Impulso e fortalecemento da docencia.....	23
6.3. Liña estratéxica 3: Visibilidade da escola e servizo a sociedade.....	25
6.4. Liña estratéxica 4: Internacionalización.....	29
7. Desenvolvemento do PEC	31
7.1. Comisión ou grupo de traballo responsable da elaboración do PEC.....	31
7.2. Participación dos grupos de interese na elaboración do PEC.....	31

1. Introducción

Este documento constitúe o Plan Estratéxico da Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE) da Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o período 2024-2026.

A posta en marcha do proceso de elaboración foi iniciada pola Comisión de Calidade do Centro (CCC) o 22 de novembro de 2023. A proposta inicial do Plan foi aprobada pola CCC o 18 de abril de 2024. Entre o 19 de abril e o 8 de maio de 2024 fíxose a exposición pública para asegurar a participación de todos os grupos de interese (proceso PS-06, Información pública). A elaboración final do Plan foi aprobada pola CCC na súa reunión do 16 de maio de 2024. Posteriormente foi informado positivamente pola Sección de Calidade da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización o _____ de 2024 e aprobado pola Xunta da ETSE o _____ de 2024. A aprobación final do Plan Estratéxico foi realizada pola Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno o _____ de 2024.

Neste documento faise unha fonda reflexión acerca das debilidades, ameazas fortalezas e oportunidades que ten actualmente o centro e recóllense as liñas estratéxicas a desenvolver, cos seus correspondentes obxectivos concretos, que deben guiar a xestión da ETSE durante os próximos anos. Nestas liñas estratéxicas plásmanse os avances nos que se debe traballar cara á propia Universidade, ao estudantado, profesorado e persoal técnico de xestión, administración e servizos do centro, ao contorno empresarial e á sociedade en xeral. As liñas estratéxicas que se definen e os obxectivos que as desenvolven están en liña coas liñas xerais da Programación Plurianual 2023-2026 da USC, coa Guía para a elaboración do Plan Estratéxico de Centro 2024 – 2026, elaborada pola Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización e coas necesidades e expectativas dos grupos de interese tal e como establece o proceso PE-01 Planificación Estratéxica do manual de procesos do SGC da ETSE.

2. Breve historia da Escola Técnica Superior de Enxeñaría

A Escola Técnica Superior de Enxeñaría da USC naceu oficialmente o 24 de maio de 2002 coa publicación no Diario Oficial de Galicia do decreto da súa creación. A creación da ETSE representa o compromiso da USC co desenvolvemento da súa área tecnolóxica no Campus de Santiago. Na actualidade as súas dependencias están localizadas no edificio da Escola Técnica Superior de Enxeñaría, no edificio Monte da Condesa e no aulario de Intelixencia Artificial no edificio Emprendia situados no Campus Vida.

O catálogo actual de titulacións de grao e máster (curso 2023-24) é o seguinte:

- [Grao en Enxeñaría Informática](#) (dende o curso 2009- 2010)
- [Grao en Enxeñaría Química](#) (dende o curso 2010-2011)
- [Grao Interuniversitario en Intelixencia Artificial](#) (dende o curso 2022-23) no que participan as tres universidades do SUG e coordina a USC.
- [Doble Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas](#) (dende o curso 2015-16) coordinado pola Facultade de Matemáticas.
- [Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental](#) (dende o curso 2007-2008)
- [Máster Universitario en Enxeñaría Química e Bioprocesos](#) (dende o curso 2013-2014)
- [Máster Interuniversitario en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data](#) (dende o curso 2015-2016) no que participan as Universidades de Santiago de Compostela e Murcia e coordina a USC.
- [Máster Interuniversitario en Computación de Altas Prestacións](#) (dende o curso 2018-2019) presencial e a distancia no que participan as Universidades de Santiago de Compostela e A Coruña e coordina a UDC.
- [Máster Interuniversitario en Visión por Computador](#) (dende o curso 2020-21) no que participan as tres universidades do SUG e a Universidade de Porto e coordina a USC.
- [Máster Interuniversitario en Intelixencia Artificial](#) (dende o curso 2022-23) no que participan as tres universidades do SUG e coordina a UDC.
- [Máster Interuniversitario en Xestión Sostible da Auga](#) (dende o curso 2023-24) no que participan as tres universidades do SUG e coordina a UDC.

Pola curta historia do centro xa pasaron outras titulacións como a Enxeñaría Química, a Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas, o Graduado Superior en Tecnoloxías da Información, o Graduado Superior en Enxeñaría Ambiental, o Máster en Enxeñaría de Procesos Químicos e Ambientais, o Máster en Tecnoloxías da Información ou o Máster en Xeoinformática.

Por outra parte, está previsto que no curso 2024-25 se implanten a 2ª edición do Grao en Enxeñaría Química e a 2ª edición do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos, adaptadas ao RD822/2021 que establece a organización das ensinanzas universitarias e o procedemento de aseguramento da súa calidade, así como o Máster Interuniversitario en Internet das Cousas (IoT), os tres actualmente en período de avaliación.

O centro ten adscritos dous departamentos, [Electrónica e Computación](#) e [Enxeñaría Química](#), que coordinan os programas de doutoramento de [Investigación en Tecnoloxías da Información](#) e [Enxeñaría Química e Ambiental](#), respectivamente.

Os grupos de investigación asociados aos departamentos adscritos á Escola son os seguintes:

Departamento de Enxeñaría Química:

- [Biotecnoloxía ambiental \(BIOGRUP\)](#)
- [Enxeñaría e xestión de procesos e produtos sostibles \(PRODES\)](#)
- [Modelización ambiental](#)
- [Tecnoloxías para o desenvolvemento de bioproductos industriais \(TIBD\)](#)
- [Ecoeficiencia](#)
- [Intensificación de procesos para un desenvolvemento sostible \(PROSUST\)](#)
- [Procesos de separación sostibles \(EQUIFASE\)](#)
- [Tecnoloxía para a Economía Circular e a Seguridade Natural \(TEC-SENA\)](#)

Departamento de Electrónica e Computación:

- [Intelixencia Artificial Aplicada \(IA aplicada\)](#)
- [Laboratorio de Sistemas \(LABSIS\)](#)
- [Arquitectura de Computadores \(ARQCOMP\)](#)
- [Grupo de Sistemas Intelixentes \(GSI\)](#)
- [Visión Artificial](#)
- [Gráficos por computador e enxeñaría de datos \(COGRADE\)](#)
- [Laboratorio de Realidade Intanxible \(IRLab\)](#)

No curso 2022-2023, a ETSE contou con 18 persoas nas diferentes categorías de persoal técnico de xestión, administración e servizos e 248 persoas nas diferentes categorías de persoal docente e investigador impartiron docencia na escola a máis de 900 estudantes.

A Calidade sempre foi unha das apostas fundamentais da ETSE. No ano 2009 apróbanse na Xunta de Escola as primeiras versións da Política de Calidade, Planificación Estratéxica e Plano Operativo. No ano 2010 certifícase o deseño do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGC) da ETSE (Certificado nº 43/10 de 26 de abril de 2010). No ano 2016 conséguese a certificación de implantación do Sistema de Garantía de Calidade de acordo co programa FIDES-AUDIT (Certificado nº 43/10 de 22 de xullo de 2016) e o 29 de febreiro de 2024 recibíuse informe final favorable de renovación de dita certificación. O 28 de xaneiro de 2019 conséguese a acreditación institucional da ETSE que continúa en vigor.

Outro pilar fundamental desde os inicios da ETSE foi a preocupación pola Seguridade, a consecuencia da crecente importancia que a seguridade de persoas e procesos ten dende o punto de vista profesional. Así, xa dende 2009 comeza a traballarse nun sistema de xestión de seguridade (proxecto SAFETY-ETSE) e se consideran aspectos de seguridade na propia Planificación Estratéxica da ETSE (2009-2012), introducindo a temática de Seguridade Industrial nos títulos, dando formación transversal en seguridade a estudantado e PDI, e desenvolvendo un Plan Integral de Seguridade do Centro. O resultado deses esforzos iniciais culmina coa implantación dun Sistema de Xestión da Seguridade e Saúde dos Traballadores, que en 2012 foi certificado por AENOR segundo a norma OHSAS 18001, entón vixente, e continuamente renovado. En 2021, o sistema foi adaptado e certificado segundo a norma ISO 45001 (Certificado n.º SST-0119/2012). O sistema de xestión abarca todos os espazos e postos de traballo do centro, e envolve a todas as persoas da ETSE: dende o estudantado, que entra nos procesos a través das materias de prácticas en laboratorios experimentais, o persoal técnico, de xestión, administración e servizos, e o persoal docente e investigador. Todos forman parte, e a participación de todos os grupos de interese é fundamental para que o sistema funcione de xeito eficaz.

3. Misión, visión e valores

3.1. Misión

A ETSE ten como misión contribuír, nun contorno estimulante, de innovación e de relacións humanas, á formación integral de profesionais comprometidos co desenvolvemento da sociedade baixo principios éticos, de igualdade, de sustentabilidade e de responsabilidade social.

A ETSE acolle grupos de investigación de referencia en enxeñaría e promove o desenvolvemento científico e tecnolóxico, potenciando actividades de investigación, de difusión da cultura tecnolóxica e de relacións con empresas, institucións e centros de investigación.

Para iso a ETSE dispón dunha ampla oferta formativa de grao e posgrao e conta con recursos humanos, equipos e instalacións que fan posible o desenvolvemento do labor docente e investigador.

3.2. Visión

A ETSE quere ser recoñecida como un centro de referencia a nivel nacional e internacional pola calidade e amplitude da súa oferta formativa de grao e posgrao no ámbito da enxeñaría e polo desenvolvemento dunha investigación avanzada que dea resposta ás necesidades da sociedade.

A Escola quere ser recoñecida por aplicar metodoloxías docentes innovadoras nun clima de traballo colaborativo, amable e eficaz, cun profesorado altamente cualificado que fomente a adquisición por parte do estudiantado dos coñecementos e competencias necesarias para desenvolver a súa actividade profesional nun contorno cada vez máis cambiante e esixente.

A Escola quere impulsar a internacionalización da docencia e da investigación e manter excelentes relacións con outros centros autonómicos, nacionais e internacionais, con colexios e asociacións profesionais e, singularmente, cos seus titulados/as. Así mesmo, pretende incrementar a súa relación co tecido empresarial e ser un referente nas relacións universidade-empresa.

3.3. Valores

Éticos:

- Integridade
- Cordialidade e respecto mutuo
- Compromiso coa sociedade, o desenvolvemento sostible e a igualdade.
- Transparencia
- Responsabilidade

Profesionais:

- Cultura da calidade e mellora continua
- Iniciativa
- Colaboración e participación
- Innovación e creatividade
- Flexibilidade e capacidade de adaptación aos cambios
- Liberdade de pensamento e expresión
- Espírito crítico
- Seguridade das persoas e das instalacións

4. Liñas estratéxicas

O Plan Estratéxico da Escola Técnica Superior de Enxeñaría 2024-2026 está integrado por catro liñas estratéxicas definidas en consonancia coas liñas xerais da Programación Plurianual 2023-2026 da USC, en ausencia dun Plan Estratéxico da USC no momento de iniciar a elaboración do plan, e coa Guía para a elaboración do Plan Estratéxico de Centro 2024 – 2026, elaborada pola Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización e coas necesidades e expectativas dos grupos de interese tal e como establece o proceso PE-01 Planificación Estratéxica do manual de procesos do SGC da ETSE.

4.1. Liña estratéxica 1: Infraestruturas, recursos materiais e persoas

A liña estratéxica “Infraestruturas, recursos Materiais e persoas” é crucial para garantir o funcionamento efectivo e o desenvolvemento continuo da escola. Esta liña aborda aspectos clave para o funcionamento e desenvolvemento da ETSE, asegurando que conte cos recursos e o persoal necesarios para ofrecer unha educación de calidade e manter a súa excelencia académica.

Dotar e manter as instalacións e o equipamento docente é fundamental para brindar unha contorna de aprendizaxe adecuada, tanto en aulas como en laboratorios. Ademais, proporcionar espazos para a convivencia estudantil contribúe a crear un ambiente universitario enriquecedor, onde se fomenta o intercambio de ideas e experiencias entre os estudantes, promovendo así o desenvolvemento persoal e profesional.

Tamén é esencial dotar de persoal docente e técnico de apoio para garantir a calidade do ensino e o apoio necesario para o desenvolvemento da docencia práctica. Estabilizar e promocionar ao profesorado existente tamén é clave para manter un equipo académico motivado e comprometido, que se traduce nunha mellor experiencia educativa para o estudantado.

Finalmente, unha xestión eficiente e unificada da unidade de xestión de centro e departamentos pode mellorar a operatividade e a comunicación dentro da escola. O traballo en equipo e o desenvolvemento de procedementos estandarizados e arquivos unificados é esencial para unha maior eficacia na xestión e unha mellor atención ás necesidades da comunidade da escola. Nesta liña tamén se contempla a actualización dos manuais do Sistema de Garantía de Calidade do centro segundo as recomendacións da comisión externa de reacreditación do SGC do centro fundamental para asegurar o cumprimento dos estándares de calidade e a mellora continua dos procesos educativos e administrativos.

4.2. Liña estratéxica 2: Impulso e fortalecemento da docencia

A liña estratéxica “Impulso e fortalecemento da docencia” é esencial para unha escola de enxeñaría que busca a excelencia e ademais o recoñecemento internacional. Renovar e obter novas acreditacións para os títulos do centro non só valida a calidade da educación impartida, senón que tamén fomenta a mellora continua e a adaptación aos estándares globais da enxeñaría. As acreditacións internacionais e as mencións de excelencia son selos distintivos que atraen aos mellores estudantes e docentes, ademais de incrementar a empregabilidade dos/as egresados/as.

Doutra banda, revisar a oferta académica cun enfoque nos indicadores de calidade asegura que os programas se manteñan relevantes e aliñados coas necesidades do sector. Isto implica unha revisión crítica e actualización dos currículos, métodos de ensino e recursos dispoñibles. Isto non só mellora a experiencia educativa do estudantado senón que tamén incrementa as súas oportunidades laborais tras a graduación. Por outra banda, a incorporación de títulos innovadores, como dobres graos,

responde á necesidade de formar profesionais versátiles. Estes programas fomentan un enfoque interdisciplinario e proporcionan habilidades adicionais que son altamente valoradas no mercado laboral. En resumo, estas iniciativas estratéxicas son vitais para o desenvolvemento e a diferenciación da ETSE nunha contorna educativa cada vez máis competitiva.

4.3. Liña estratéxica 3: Visibilidade da Escola e servizo á sociedade

Esta liña estratéxica é vital para o posicionamento e a relevancia da ETSE no contexto actual. Enfócase en varios obxectivos interconectados que reforzan a imaxe da escola e o seu impacto na comunidade.

A presenza activa da escola en redes sociais permite compartir logros e eventos, incrementando o seu alcance e visibilidade. Unha comunicación efectiva nestas plataformas pode mellorar a percepción pública e atraer a estudantes e colaboradores.

Por outra banda, establecer e fortalecer lazos con empresas non só enriquece a experiencia educativa a través de prácticas profesionais e traballos fin de grao ou fin de máster, senón que tamén facilita a inserción laboral dos graduados. A participación empresarial na docencia asegura que o currículo sexa relevante e responda as necesidades do mercado.

Atraer ao mellor estudantado e alcanzar un maior equilibrio de xénero son outros dos obxectivos a alcanzar. Fomentar a participación de mulleres en áreas onde están subrepresentadas enriquece a contorna académica e promove a igualdade de oportunidades. Ademais, aumentar a participación do estudantado nos órganos de goberno promove unha cultura de participación activa e mellora continua dentro da comunidade estudantil. Isto garante que as opinións e necesidades dos estudantes sexan tidas en conta na toma de decisións e na planificación estratéxica da escola. Así mesmo, potenciar o uso da lingua galega non só cumpre cun compromiso cultural e lingüístico, senón que tamén reflicte o respecto pola identidade rexional.

4.4. Liña estratéxica 4: Internacionalización

Esta liña estratéxica busca promover a globalización dos programas académicos da ETSE como un elemento fundamental para o seu desenvolvemento e posicionamento a nivel internacional. Esta orientación estratéxica responde á crecente demanda de profesionais cualificados capaces de traballar en contextos multiculturais e globalizados, algo especialmente relevante no ámbito tecnolóxico. Para acadar este obxectivo, a ETSE impulsará a internacionalización dos seus estudantes, ampliando a oferta de programas de intercambio como Erasmus+ ou acordos bilaterais, enriquecendo así a formación dos estudantes, ademais de facilitar a creación de redes internacionais e colaboracións a longo prazo. Nesta mesma liña, plantéxase a creación de programas de dobre titulación e másteres conxuntos con universidades estranxeiras prestixiosas, ofrecendo así unha educación internacional, integral e competitiva.

Neste contexto, promover a docencia en inglés convértese nunha estratexia fundamental para internacionalizar a ETSE, permitindo que os seus programas sexan accesibles a un público máis amplo e preparando aos estudantes para o mercado laboral globalizado. A inclusión do inglés na oferta académica tamén facilitará a mobilidade internacional e a negociación de máis acordos de intercambio con universidades estranxeiras, buscando unha maior reciprocidade entre os estudantes saíntes e entrantes, ademais de fomentar a colaboración en investigación a nivel global.

5. Diagnose estratéxica

5.1. Introducción á diagnose estratéxica

O primeiro paso para o desenvolvemento dun Plano Estratéxico que sirva para guiar as actuacións futuras é facer unha fonda revisión sobre as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades actuais cara a definir as estratexias a seguir. Este apartado dedícase a este fin para cada unha das liñas estratéxicas seleccionadas.

A continuación preséntase a avaliación da situación actual do centro mediante unha análise DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades) e a perspectiva da situación futura, como orientación da estratexia a seguir, mediante unha análise CAME (Corrixir, Afrontar, Manter e Explotar) na que participaron o equipo de dirección, a comisión de calidade, as comisións de título e os grupos de interese seleccionados nesta fase (departamentos adscritos ao centro e representantes de profesorado, alumnado e PTXAS en Xunta de Escola).

5.2. Liña estratéxica 1: Infraestruturas, recursos materiais e persoas

5.2.1. Análise DAFO

Recursos	Aspectos negativos	Aspectos positivos
Condicións internas Orientación ao presente	Debilidades Carencia de suficientes espazos polivalentes/multifunción para docencia específica e laboratorios docentes e de investigación de propósitos específicos (p.e. para robótica, IOT, realidade aumentada, etc.) Limitados programas da USC para a posta en marcha de novos laboratorios virtuais, entrenamento en plantas químicas e infraestruturas docentes na nube Espazos no Aulario de Intelixencia Artificial non óptimos para grupos grandes e falta de espazos para a convivencia do estudiantado Carencia de profesorado asociado no Grao en Intelixencia Artificial Falta de persoal técnico para as aulas de informática con dedicación exclusiva á ETSE con cobertura completa no horario docente	Fortalezas Recente actualización de equipamentos (equipos de sobremesa, pantallas, canóns, cámaras, etc.) na meirande parte das aulas de teoría e práctica da ETSE Instalacións experimentais de calidade Renovación do cadro de persoal docente coa recente incorporación de novo profesorado con especialización en diversas áreas de coñecemento Profesorado de excelencia (docencia e investigación), altamente motivado e moi ben valorado polo estudiantado Intensa actividade investigadora nos ámbitos de coñecemento da Escola por parte da meirande parte do PDI dos departamentos da ETSE; así como actividades de

	<p>Falta de persoal técnico especializado na posta en marcha de aulas docentes para prácticas avanzadas de redes, sistemas operativos, ciberseguridade, robótica, etc.</p> <p>Orzamentos da ETSE e da súa biblioteca non actualizados á realidade actual do número de títulos profesorado, estudantado e superficie do centro.</p> <p>Proceso administrativo tedioso e con calendario non axeitado para a matrícula en másteres</p> <p>Exceso de traballo administrativo do PDI</p> <p>Insuficiente apoio e falta de profesionalización na xestión da calidade por parte da USC</p> <p>Na Xestión administrativa do Centro detéctase necesidade de mellora en aspectos como o traballo colaborativo e unha maior comunicación e coordinación</p> <p>Resistencia aos cambios de parte do persoal nos ámbitos docentes e de xestión</p>	<p>transferencia, innovación, difusión e formación.</p> <p>A experiencia do PAS, a súa capacidade de traballo e de adaptación a novas actividades</p> <p>Experiencia e compromiso do PDI e PAS</p> <p>Existencia dun estudantado motivado polos estudos e con elevada formación TIC, polo menos nos Graos en Enxeñaría Informática e Intelixencia Artificial</p> <p>Dispoñer da infraestrutura na nube de Microsoft</p>
<p>Condicións externas Orientación ao futuro</p>	<p>Ameazas</p> <p>Falta de compromiso e de concreción do equipo de Goberno da USC para a ocupación por parte da ETSE de novos espazos para docencia e investigación</p> <p>Barreiras para a creación de novos perfís de técnicos de apoio en aulas de informática e insuficiente financiamento de persoal da área TIC para abordar as esixencias das</p>	<p>Oportunidades</p> <p>Ocupación de novos espazos para a docencia ou investigación no módulo oeste do Edificio Emprendia</p> <p>Redefinición do cadro de PTXAS da USC para a incorporación dun novo perfil de técnico de apoio en aulas de informática</p>

	<p>infraestruturas docentes e investigadoras da ETSE</p> <p>Política de formación de PTXAS e PDI voluntaria e pouco estruturada</p> <p>O sentimento de pertenza do estudiantado dos Graos en Enxeñaría Informática e Intelixencia Artificial pode debilitarse por ter divididas as instalacións en distintos edificios e a ausencia de espazos de convivencia</p> <p>Incremento na dificultade de elaboración dos horarios debido ao incremento do estudiantado e ao ter que ter en conta os desprazamentos entre edificios.</p> <p>Desconexión de certa parte do PDI en actividades de investigación</p> <p>Insuficientes recursos humanos para implementar de xeito adecuado a docencia de acordo co EEES.</p>	<p>Novos programas piloto para a posta en marcha de laboratorios docentes e aulas virtuais na nube</p> <p>Tecnoloxías que permiten un maior traballo colaborativo e en equipo no ámbito da xestión</p> <p>Estabilización do PDI de nova incorporación a figuras contractuais superiores</p> <p>Estender a infraestrutura da nube de Microsoft a novos servizos para incluír ferramentas que se poidan explotar mais (eg, Azure, OpenAI, ...)</p>
--	--	--

5.2.2. Análise CAME

Recursos	Oportunidades	Ameazas
Fortalezas	<p>Estratexias de reforzo (manter fortalezas)</p> <p>Manter ou incluso aumentar recursos dedicados ao mantemento e renovación das aulas de docencia</p> <p>Mellorar e modernizar as montaxes experimentais da área de Enx. Química</p> <p>Continuar e impulsar a incorporación de novo persoal investigador en formación</p> <p>Impulsar e apoiar a investigación de calidade e impacto desenvolvida polo PDI do centro.</p>	<p>Estratexias correctoras (corrixir debilidades)</p> <p>Demandar a USC a cesión de novos espazos para a creación de aulas polivalentes/multifunción e laboratorios docentes e de investigación de propósitos específicos (p.e. para robótica, IOT, etc.)</p> <p>Demandar a Xerencia e á vicerreitoría con competencia na materia a creación de postos de persoal técnico especializado na posta en marcha de aulas docentes para prácticas avanzadas</p>

	<p>Dispoñer dos recursos de Azure a través do acordo USC-Microsoft para potenciar a investigación e para que o estudiantado poida desenvolver actividades formativas</p> <p>Dispoñer de programas para entrenamento virtual en plantas químicas.</p>	<p>de redes, sistemas operativos, ciberseguridade, robótica, etc.</p> <p>Crear na unidade administrativa un equipo colaborativo e fomentar o traballo en equipo</p> <p>Demandar á USC a creación de novos perfís de PDI de asociados para rematar a implantación dos novos títulos</p>
Debilidades	<p>Estratexias de acción (explotar oportunidades)</p> <p>Participar coa ATIC da USC no deseño e posta en marcha de novos programas piloto de laboratorios virtuais e infraestruturas docentes na nube</p> <p>Demandar á USC a creación de novas prazas PDI e de estabilización e promoción do actual profesorado</p> <p>Implicar ás empresas para a mellora de equipamentos, espazos ou outras accións de mecenazgo</p>	<p>Estratexias de supervivencia (afrontar ameazas)</p> <p>Planificar unha distribución para as futuras fases do aulario de Intelixencia Artificial na que se teñan en conta as áreas para a convivencia do estudiantado co obxectivo de crear un sentimento de pertenza para os grados e másteres que teñen o 100% da docencia nese edificio</p>

5.3. Liña estratéxica 2: Impulso e fortalecemento da docencia

5.3.1. Análise DAFO

Impulso e fortalecemento da docencia	Aspectos negativos	Aspectos positivos
Condições internas Orientación ao presente	<p>Debilidades</p> <p>Falta de visibilidade dalgúns títulos da ETSE, así como dificultades para facer accesible información específica en aberto</p> <p>Limitada captación de estudiantado nalgún dos másteres</p> <p>Contidos informativos pouco adaptados e canles inadecuadas para a comunicación co estudiantado de Bacharelato: web</p>	<p>Fortalezas</p> <p>Boa captación de estudiantado nos 3 graos e na meirande parte dos másteres</p> <p>Boa parte dos másteres da ETSE son interuniversitarios</p> <p>Alta empregabilidade na práctica totalidade dos títulos impartidos na ETSE</p>

	<p>institucional con orientación administrativa, monolingüe e pouco accesible, non dirixida ao obxectivo de captación do mellor estudiantado</p> <p>Pouca actividade nas redes sociais, canle preferente cando non exclusiva de comunicación e impacto</p> <p>A USC non participa no programa DOCENTIA</p> <p>Falta de cultura de orientación ao cliente a nivel institucional transversal</p> <p>Baixa participación do estudiantado en actividades extra curriculares</p> <p>Limitada difusión dos graos aos centros de ensino medio e á sociedade</p> <p>Dificultade da xestión dos títulos interuniversitarios</p>	<p>Oferta sólida de prácticas en empresa</p> <p>Selos nacionais e internacionais obtidos por varios títulos do centro</p> <p>Marca USC e Santiago de Compostela coñecida e referente</p> <p>Programa A Ponte ben coñecido e exitoso</p> <p>Desenvolvemento de foros de empresa en varios títulos</p> <p>Ciclos de charlas e visitas técnicas dos títulos exitosos (interese por parte das empresas, temáticas atractivas e moi boa participación)</p> <p>Corpo docente ben formado e habituado ao emprego de novas tecnoloxías, que facilita o emprego de novas metodoloxías</p> <p>Relación estreita do corpo docente co tecido produtivo</p>
<p>Condições externas Orientación ao futuro</p>	<p>Ameazas</p> <p>Redución da captación de estudiantado (p.e. pola competencia de títulos análogos no SUG ou pola baixada xeral de estudiantado que entra na universidade, derivada da baixa da natalidade, que vai ser moi importante nos anos que veñen)</p> <p>Limitada oferta de programas na USC de proxectos de innovación docente e metodoloxías innovadoras</p> <p>Nº de titulacións elevado no SUG ou a nivel nacional (incluíndo universidades privadas),</p>	<p>Oportunidades</p> <p>Recoñecementos e selos autonómicos/nacionais/internacionais para os títulos da ETSE que non contan con eles</p> <p>Interese do tecido industrial na participación nas actividades académicas</p> <p>Interese transversal en materias sobre IA, Informática e certas áreas de Enx. Química (p.e. relacionadas con xestión eficiente de recursos e sustentabilidade) para novos títulos a ofertar ou programas académicos</p>

	<p>complicando a captación nos graos e mestrados da ETSE</p> <p>Falta de información na sociedade e, especificamente no alumnado de BAC, sobre a Enx. Química .</p> <p>Falta de exemplos e referentes de innovación metodolóxica docente</p> <p>Carencia de plan estratéxico e de política da USC cara aos novos títulos</p> <p>Perda de convenios de prácticas externas polo novo marco normativo</p>	<p>Implantación de dobres titulacións</p> <p>Novas mencións/especializacións nas próximas recomendacións da CODDII para os títulos de Enx. Informática</p> <p>Oportunidades de emprego e formación do estudantado a través de contratos predoutorais ofertados tanto por grupos nacionais como internacionais</p> <p>A USC dispón do PFID e do Centro de Linguas Modernas que poden mellorar aspectos formativos específicos para o corpo docente en canto a idiomas e mellora da docencia</p> <p>Socios empresariais en proxectos de I+D+i poden facilitar o achegamento do estudantado aos sectores e a participación dos sectores en docencia</p>
--	--	--

5.3.2. Análise CAME

Impulso e fortalecemento da docencia	Oportunidades	Ameazas
Fortalezas	<p style="text-align: center;">Estratexias de reforzo (manter fortalezas)</p> <p>Manter o traballo asociado aos recoñecementos acadados (ex. ranking El Mundo)</p> <p>Re-acreditar os títulos de Grao en Enxeñaría Química e Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos por IChemE</p> <p>Acudir con novos títulos de másteres ou grao da ETSE a selos autonómicos, nacionais ou internacionais</p>	<p style="text-align: center;">Estratexias correctoras (corrixir debilidades)</p> <p>Reforzar a difusión dos títulos en xornadas/eventos/... e creación de contidos divulgativos</p> <p>Deseñar novos mecanismos para aumentar a taxa de resposta nas enquisas por parte do estudantado</p>

	<p>Reforzar a oferta de prácticas en empresa para os graos e másteres da ETSE</p> <p>Intensificar a participación empresarial nas actividades académicas do centro (en materias concretas, en Aula Profesional, etc.)</p>	
Debilidades	<p>Estratexias de acción (explotar oportunidades)</p> <p>Novas materias ou programas de formación asociados a novos títulos ou programas académicos da universidade</p> <p>Explorar dobres títulos</p> <p>Estratexias de motivación do persoal</p>	<p>Estratexias de supervivencia (afrontar ameazas)</p> <p>Intensificar a difusión dos títulos entre o estudiantado de bacharelato (aumentar participación programa a ponte, proxectos stembach, etc.)</p> <p>Programas propios (financiados pola ETSE) de innovación docente</p>

5.4. Liña estratéxica 3: Visibilidade da escola e servizo a sociedade

5.4.1. Análise DAFO

Visibilización da Escola e servizo á sociedade	Aspectos negativos	Aspectos positivos
Condicións internas Orientación ao presente	<p>Debilidades</p> <p>Información institucional (páxina web): falta orientación ao “cliente” e sobra información administrativa</p> <p>Canles de difusión débiles e recepción de información incorrectamente canalizada</p> <p>Reducida visibilidade da ETSE como centro</p> <p>Baixo porcentaxe (en torno ao 20%) de docencia impartida en galego</p>	<p>Fortalezas</p> <p>Centro altamente aliñado cos ODS</p> <p>Cátedra Institucional de Transición Enerxética GENESAL Energy con sede na escola.</p> <p>Forte vinculación co mundo empresarial (prácticas externas, foro de empresas, comité externo)</p> <p>Centro recoñecido e con selos</p> <p>Altas taxas de inserción laboral</p> <p>O PDI desenvolve proxectos de I+D+i relevantes e con impacto social e no tecido produtivo</p>

	<p>Baixa participación do estudiantado na vida académica (mais aló das actividades formativas)</p> <p>Falta de equilibrio de xénero no estudiantado matriculado na ETSE</p> <p>Pouca presenza pública da ETSE, que impacta en todos os títulos (p.e. sección novas, visibilidade en medios, ...)</p>	
<p>Condições externas Orientación ao futuro</p>	<p style="text-align: center;">Ameazas</p> <p>Estudiantado procedente de fora da comunidade (particularmente nos másteres) dificulta a incorporación do galego</p> <p>Falta de contidos en galego nas principais áreas de especialización relacionadas coa ETSE</p>	<p style="text-align: center;">Oportunidades</p> <p>Programas da USC para normalización lingüística</p> <p>Novos mecanismos (p.e vía web pública/ intranet/pantalla) para difusión e transparencia</p> <p>Implicación do estudiantado en novos roles (p.e. vía programas de titorización)</p> <p>Delegación de alumnos/as e asociacións (p.e Enx. Sen Fronteiras, ISA e Google SDG) nas que certa parte do estudiantado do centro vén sendo moi activa</p> <p>Oferta docente atractiva e acorde a demanda de mercado</p> <p>O PDI desenvolve proxectos de I+D+i relevantes e con impacto social e no tecido produtivo.</p> <p>Egresados/as da ETSE posicionados/as en empresas e organizacións de referencia.</p> <p>A emerxencia climática e a necesidade de implantar modelos de economía circular na sociedade</p>

		O estudiantado universitario e pre-universitario utiliza fundamentalmente medios web para obter información
--	--	---

5.4.2. Análise CAME

Visibilización da Escola e servizo á sociedade	Oportunidades	Ameazas
Fortalezas	<p>Estratexias de reforzo (manter fortalezas)</p> <p>Coidar e manter a vinculación con mundo empresarial (i.e. intensificar a actividade dos comités externos)</p>	<p>Estratexias correctoras (corrixir debilidades)</p> <p>Contactar coa oficina web da USC e gabinete de comunicación para mellorar a información institucional dos títulos e centros</p> <p>Intensificar a presenza do centro na difusión das actividades</p> <p>Xornadas portas abertas</p> <p>Intensificar a difusión do grao entre os orientadores e estudiantado de bacharelato (aumentar participación programa a ponte, proxectos stembach, etc).</p> <p>Programas de incentivación da participación do estudiantado na vida académica.</p> <p>Accións da Comisión de Normalización Lingüística da ETSE para o fomento do uso do galego e creación de contidos en galego</p>
Debilidades	<p>Estratexias de acción (explotar oportunidades)</p> <p>Novos contidos (infograffas, vídeos divulgativos, visualizacións) orientados á web e medios sociais</p>	<p>Estratexias de supervivencia (afrontar ameazas)</p> <p>Accións orientadas a fomentar a incorporación de talento feminino</p> <p>Seguir traballando na difusión da titulación a través das diferentes canles dispoñibles</p> <p>Establecer unha rede de egresados/as a través dos cales</p>

		<p>divulgar as actividades dos títulos grao</p> <p>Continuar realizando charlas, de forma recorrente e orientadas ao estudiantado, sobre as liñas de I+D+i, transferencia e divulgación dos docentes da ETSE co obxectivo de que o estudiantado se familiarice con ese aspecto da universidade</p>
--	--	--

5.5. Liña estratéxica 4: Internacionalización

5.5.1. Análise DAFO

Internacionalización	Aspectos negativos	Aspectos positivos
<p>Condicións internas Orientación ao presente</p>	<p>Debilidades</p> <p>Limitada oferta de convenios con universidades que imparten docencia en inglés</p> <p>Limitada captación de estudiantado internacional nos graos</p> <p>Desmantelamento das estruturas de internacionalización da USC (exemplo: centro de benvida internacional, redución alarmante de RRHH no SRE)</p> <p>Oferta en inglés reducida ou inexistente nalgúns títulos</p> <p>O nivel de inglés, tanto de estudiantado como profesorado, nos títulos impartidos neste idioma é mellorable</p> <p>Web institucional orientada á administración, non ao exterior. Contidos monolingües en moitas seccións da web, campus virtual, etc.</p> <p>Baixas expectativas do estudiantado para acudir a</p>	<p>Fortalezas</p> <p>Sólida captación de estudiantado internacional nos másteres</p> <p>Centro de Linguas Modernas da USC</p> <p>Convenios de dobre título ou interuniversitarios con universidades estranxeiras</p>

	<p>programas de intercambio ou internacionalizar a súa actividade</p> <p>Complexo proceso de matrícula do estudiantado estranxeiro procedente de certos países (problemas de visados, documentación, etc.)</p>	
<p>Condicións externas Orientación ao futuro</p>	<p>Ameazas</p> <p>A pouca docencia en inglés limita o atractivo para a captación de novos convenios de intercambio con outras universidades</p> <p>Limitado recoñecemento para o estudiantado de ter cursado materias en inglés.</p> <p>Potencial estudiantado foráneo/estranxeiro preocupado polo uso do idioma galego nas materias</p>	<p>Oportunidades</p> <p>Intensa relación a nivel de investigación con numerosas institucións europeas e non europeas</p> <p>Reducida competencia a nivel nacional para a captación de estudiantado de intercambio en algúns dos nosos títulos (particularmente no GRIA)</p> <p>O estudiantado foráneo/estranxeiro pode adquirir competencias no idioma galego abríndolle as portas a novas oportunidades no contexto lusófono</p> <p>A rede de postdoc internacionais e outros contactos/socios poden actuar como prescritesores</p> <p>Estudiantado con experiencia en intercambios pode actuar como incentivo ás novas promocións</p>

5.5.2. Análise CAME

Internacionalización	Oportunidades	Ameazas
<p>Fortalezas</p>	<p>Estratexias de reforzo (manter fortalezas)</p> <p>Accións de difusión a nivel internacional dos másteres</p> <p>Renovar ou incorporar novos convenios de dobre título ou</p>	<p>Estratexias correctoras (corrixir debilidades)</p> <p>Intensificar contactos con universidades estranxeiras para a sinatura de novos convenios con títulos que impartan docencia en inglés</p>

	interuniversitarios con universidades estranxeiras	Accións de difusión dos graos a nivel internacional (particularmente no ámbito de Latinoamérica) Reforzar o nivel de inglés de estudiantado e profesorado
Debilidades	Estratexias de acción (explotar oportunidades) Reactivar contactos do PDI do centro con institucións estranxeiras para a sinatura de novos convenios de intercambio e colaboración	Estratexias de supervivencia (afrontar ameazas) Mellorar o recoñecemento para estudiantado e/ou cadro docente da docencia en inglés

6. Obxectivos estratéxicos

6.1 Liña estratéxica 1: Infraestruturas, recursos materiais e persoas

Liña estratéxica 1: Infraestruturas, recursos materiais e persoas	
Obxectivo estratéxico 1.1: Dotar e manter instalacións e equipamento docente	
Xustificación: Este obxectivo está estreitamente vinculado á necesidade de manter e mellorar constantemente os espazos físicos onde levan a cabo as actividades docentes, de investigación e de xestión do centro, así como as infraestruturas dispoñibles neles. É particularmente crucial contar con instalacións libres de riscos, unha esixencia establecida pola certificación ISO 45001:2018 de Seguridade e Saúde no Traballo para o edificio ETSE. Ademais, en consonancia coa Programación Plurianual da USC 2023-26, identifícase a necesidade de crear novos espazos de encontro e convivencia para o estudiantado, o que mellorará a súa integración no centro e, como resultado, aumentará a súa participación en todas as actividades da escola. Así mesmo, para garantir un ensino de calidade para o noso alumnado, é fundamental renovar periodicamente o equipamento dos laboratorios docentes e adquirir o material necesario para o ensino práctico dos novos programas e para a actualización dos existentes. Ademais, a ETSE busca adaptarse de forma constante ás demandas contemporáneas da ensinanza, caracterizadas pola integración de tecnoloxías avanzadas e a flexibilidade no acceso ao coñecemento. A migración cara a contornas virtuais ofrece unha serie de vantaxes potenciais neste aspecto, tales como a escalabilidade, accesibilidade remota, seguridade de datos, e a posibilidade de integrar ferramentas de colaboración e multimedia avanzadas. Por iso, dada a crecente tendencia cara á virtualización educativa, resulta imperativo avaliar as implicacións financeiras, técnicas e pedagóxicas de tal transición. Un análise detallado permitirá identificar os recursos necesarios, avaliar a compatibilidade coas infraestruturas existentes, así como anticipar posibles desafíos e oportunidades para optimizar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.	
Responsable de seguimento: Julia González Álvarez (Directora ETSE)	Inicio: 01/01/24 Fin: 31/12/26
Acción 1: Mantemento das instalacións	
Responsable de execución:	Período de execución:

Óscar Rodríguez Figueiras (Subdirector ETSE)	01/01/24-31/12/26
Evidencia documental: Informes controis condicións de traballo e auditorías. Rexistros de incidencias. Facturas da obras rematadas.	Indicador: nº obras rematadas de risco medio e alto Meta: 75% das obras rematadas
Acción 2: Creación de espazos para a convivencia do estudiantado	
Responsable de execución: Julia González Álvarez (Directora ETSE)	Período de execución: 01/01/24-31/12/24
Evidencia documental: Fotografías dos espazos	Indicador: nº espazos dispoñibles Meta: 1 local en ETSE; 1 local en Emprendia
Acción 3: Dotación de equipamento docente para os laboratorios	
Responsable de execución: Julia González Álvarez (Directora ETSE)	Período de execución: 01/01/24-31/12/26
Evidencia documental: Facturas de compra dos equipamentos	Indicador: nº equipos adquiridos Meta: 50% do equipamento solicitado
Acción 4: Análise de infraestruturas na nube para prácticas de laboratorio	
Responsable de execución: Julia González Álvarez (Directora ETSE)	Período de execución: 01/01/24-31/12/26
Evidencia documental: Informe técnico de viabilidade	Indicador: Grado de satisfacción do profesorado e do alumnado respecto da facilidade de uso Meta: Grado de satisfacción do 60% tanto do profesorado como do alumnado
Obxectivo estratéxico 1.2: Dotar de persoal docente e persoal técnico de apoio á docencia	
<p>Xustificación: A ETSE atópase en proceso de crecemento, con varios títulos de máster recentemente implantados, un título de grao en proceso de implantación e un aumento na oferta de prazas noutro dos graos. Este crecemento requiriu a contratación de novo persoal docente nos últimos anos. Con todo, aínda é necesario dotar ao centro de novo persoal docente para cubrir todas as necesidades identificadas. Neste proceso, é crucial non só atraer talento e excelencia, senón tamén retelo, o que implica garantir a estabilización gradual do profesorado contratado. Ademais, é fundamental recoñecer e premiar a traxectoria docente, investigadora e de xestión do persoal docente e investigador (PDI) funcionario, apoiando a súa promoción.</p> <p>En canto ao persoal de apoio aos centros, o modelo actual de xestión das aulas TIC non aborda de maneira eficaz e flexible moitas das necesidades da ETSE. O centro ten necesidades particulares no ámbito das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), especialmente nas titulacións de Enxeñaría Informática, Intelixencia Artificial e másteres relacionados. Estas necesidades deben ser atendidas considerando a singularidade dos nosos estudos. Ao longo dos anos, gran parte do noso profesorado enfrontouse a serias limitacións para organizar traballos prácticos nalgunhas materias. Por tanto, consideramos imprescindible a presenza permanente na escola dun técnico especializado. Este profesional é esencial para garantir un desenvolvemento correcto e eficaz da docencia interactiva en moitas das materias que se imparten.</p>	
Responsable de seguimento: Julia González Álvarez (Directora ETSE)	Inicio: 01/01/24 Fin: 31/12/26
Acción 1: Estabilización e promoción do profesorado da ETSE	
Responsable de execución: Directores dos Departamentos adscritos á ETSE	Período de execución: 01/01/24-31/12/26

Evidencia documental: Rexistro da toma de posesión nas prazas	Indicador: nº profesores/as estabilizados/as promocionados/as Meta: 100% das solicitudes
Acción 2: Dotación de novo profesorado	
Responsable de execución: Directores dos Departamentos adscritos á ETSE	Período de execución: 01/01/24-31/12/26
Evidencia documental: Resolución de concesión das prazas	Indicador: nº profesores/as incorporados Meta: 100% das prazas solicitadas
Acción 3: Dotación persoal técnico especializado para prácticas de enxeñaría informática e intelixencia artificial	
Responsable de execución: Julia González Álvarez (Directora ETSE)	Período de execución: 01/01/24-31/12/26
Evidencia documental: Asignación do persoal á ETSE	Indicador: nº de técnicos asignados ao centro Meta: 1 técnico
Obxectivo estratéxico 1.3: Mellorar a xestión administrativa	
<p>Xustificación: Co obxectivo de conseguir que a unidade de xestión de centro e departamentos funcione de forma máis coordinada e coma un equipo de forma que se acaden unha maior eficacia se procederá a definir claramente todas as tarefas que se desenvolven nas diferentes seccións que compoñen a unidade (secretaría de dirección, departamentos...). A elaboración dun manual de traballo permitirá establecer para cada procedemento que se realiza na unidade entre outros aspectos a normativa que se aplica, os sucesivos trámites, a documentación que xera e onde se arquiva. Deste xeito o que se pretende é que calquera membro da unidade poida realizar calquera das tarefas propias da unidade ao dispor dunhas instrucións claras de como debe proceder, onde se atopar a documentación asociada e onde debe tamén arquivala. Asemade facilítase o desempeño do traballo en momentos de incorporación de novo persoal en experiencia previa no posto. A elaboración do manual de procedementos posibilitará en algúns casos realizar cambios, axustes, simplificacións, que contribúan a unha mellora do funcionamento e eficiencia. Unha vez que os procedementos estean claramente definidos procederase a unificar e mellorar o sistema de arquivo que facilite que calquera dos membros da unidade poida acceder a toda a documentación xerada na mesma aínda que non traballe habitualmente con ela. Definirase por tanto un sistema de carpetas e de denominación dos documentos. Todo isto nos permitirá unha distribución equitativa do traballo dentro da unidade, unha maior colaboración e traballo en equipo e asemade facer fronte máis facilmente en momentos de elevados niveles de traballo. Dende a Universidade está prevista a elaboración dunha nova versión dos manuais marco do SGIC e dende o centro se realizará unha acción encamiñada a actualizar o noso manual conforme ás directrices marcadas polo manual institucional e incluíndo aquelas modificacións orientadas a adecuar os procesos aos comentarios realizados pola comisión de avaliación externa na renovación da certificación de implantación do SGC da ETSE así como a actualización conforme á nova normativa de graos e másteres oficiais. Revisaranse todos os procesos definindo indicadores para todos eles, o que permitirá establecer metas e obxectivos concretos.</p>	
Responsable de seguimento: M. Carmen Palacios (Xestora ETSE)	Inicio: 01/01/24 Fin: 31/12/26
Acción 1: Elaboración dun manual de procedementos da unidade de xestión de centro e departamentos	
Responsable de execución: M. Carmen Palacios (Xestora ETSE)	Período de execución: 01/01/24-31/12/25
Evidencia documental:	Indicador: nº de procedementos preparados

Manual de procesos	Meta: 100% dos procedementos preparados
Acción 2: Creación dun arquivo unificado da unidade de xestión de centros e departamentos	
Responsable de execución: M. Carmen Palacios (Xestora ETSE)	Período de execución: 01/01/24-31/12/25
Evidencia documental: Arquivo da documentación en Share Point	Indicador: nº de documentos arquivados Meta: 90% dos documentos arquivados
Acción 3: Actualización do manual marco e do manual de procesos do SGC da ETSE	
Responsable de execución: M. Carmen Palacios (Xestora ETSE)	Período de execución: 01/01/24-31/12/25
Evidencia documental: Manuais aprobados pola Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno	Indicador: nº de manuais aprobados Meta: 2 Manuais aprobados

6.2 Liña estratéxica 2: Impulso e fortalecemento da docencia

Liña estratéxica 2: Impulso e fortalecemento da docencia	
Obxectivo estratéxico 2.1: Renovar e acadar novas acreditacións e mencións para os títulos da escola	
<p>Xustificación: Na Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE), contamos cunha ampla gama de programas académicos que non só son variados, senón tamén atractivos e de alta calidade, especialmente en sectores altamente estratéxicos na actualidade. Dous das nosas titulacións, o Grao en Enxeñaría Química e o Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos, contan coa prestixiosa acreditación internacional do IChemE (Institution of Chemical Engineers) desde 2018. É importante destacar que somos o único programa de Máster no país con esta distinción, mentres que só outra universidade logrou a acreditación para o seu grao. A certificación IChemE proporciona unha avaliación rigorosa dos nosos programas académicos, comparándoos con estándares recoñecidos a nivel internacional. Nun contexto onde a globalización demanda cada vez máis confianza nas habilidades e a profesionalidade dos enxeñeiros, esta acreditación vólvese fundamental para satisfacer as expectativas dos empregadores.</p> <p>Para manter a nosa posición competitiva, é crucial renovar esta acreditación. Con todo, no panorama español, moitos programas xa posúen as acreditacións europeas EURO-ACE (para o Grao en Enxeñaría Química) ou EURO-INF (para o Grao en Enxeñaría Informática). Para seguir sendo competitivos, debemos participar activamente nestes procesos de acreditación.</p> <p>En canto aos nosos programas de Máster, tres deles recibiron o Selo de Excelencia da Xunta de Galicia: o Máster en Enxeñaría Ambiental (2020), o Máster en Computación de Altas Prestacións (2022) e o Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos (2023). Esta distinción posicónanos como o centro da USC con máis recoñecementos e entre os máis destacados a nivel autonómico. Con todo, é imperativo continuar traballando arduamente para manter a calidade dos nosos programas se desexamos renovar estas acreditacións e cumprir cos requisitos necesarios ter éxito en futuras convocatorias do Selo de Excelencia para os graos.</p>	
Responsable de seguimento: Julia González Álvarez (Directora ETSE)	Inicio: 01/01/24 Fin: 31/12/26
Acción 1: Renovación da acreditación IChemE	
Responsable de execución: Coordinadores/as GrEQ/MEQB	Período de execución: 01/01/24-31/12/2024
Evidencia documental: Certificado de acreditación	Indicador: nº de títulos reacreditados Meta: 2 títulos reacreditados

Acción 2: Análise de novas acreditacións internacionais para os graos	
Responsable de execución: Coordinadores/as dos títulos de Grao	Período de execución: 01/01/24-31/12/26
Evidencia documental: Actas das reunións celebradas	Indicador: nº graos implicados na análise Meta: 2 graos
Acción 3: Solicitude de novas mencións de excelencia e renovación das existentes	
Responsable de execución: Coordinadores/as dos títulos	Período de execución: 01/01/24-31/12/26
Evidencia documental: Rexistro entrada solicitude	Indicador: nº solicitudes presentadas Meta: 2 solicitudes
Obxectivo estratéxico 2.2: Revisión dá oferta docente do centro	
Xustificación: En termos xerais, a ETSE conta con cifras satisfactorias nas súas taxas e nos resultados da maioría das enquisas de satisfacción, o que reflicte un desenvolvemento global que asegura a aprendizaxe, o ensino e o éxito na avaliación dos estudantes. Con todo, durante o proceso de renovación da certificación de implantación do Sistema de Xestión da Calidade (SGC) da ETSE, destacou a necesidade de profundar na análise daqueles indicadores que non lancen resultados satisfactorios. Por iso, propónse mellorar a súa análise tanto a nivel de título como a nivel global do centro. A ETSE ten unha ampla e atractiva oferta académica no sector tecnolóxico, incluíndo tres graos, un dobre grao e sete másteres, cun oitavo máster programado para comezar no curso 2024-25. Con todo, para complementar a oferta no campo da Enxeñaría Química, considérase de interese a incorporación dun dobre grao nalgún ámbito estratéxico. Isto permitiría enriquecer a formación dos/as graduados/as de Enxeñaría Química, creando un perfil máis competitivo con maiores oportunidades profesionais.	
Responsable de seguimento: Julia González Álvarez (Directora ETSE)	Inicio: 01/01/24 Fin: 31/12/26
Acción 1: Análise mellorada e comparada dos indicadores dos títulos	
Responsable de execución: Julia González Álvarez (Directora ETSE)	Período de execución: 01/01/24-31/07/25
Evidencia documental: Memoria de calidade	Indicador: nº de informes elaborados Meta: Disponibilidade dos informes de todos os títulos e comparativo de centro
Acción 2: Análise para proposta de dobre grao de Enxeñaría Química	
Responsable de execución: Almudena Hospido Quintana (Coordinadora GrEQ)	Período de execución: 01/01/24-31/12/26
Evidencia documental: Actas das reunións celebradas	Indicador: Declaración de intencións presentada Meta: Conseguir acordo co outro centro para presentar a declaración de intencións
Obxectivo estratéxico 2.3: Fortalecer a formación do estudantado	
Xustificación: É fundamental fortalecer a formación do noso estudantado para que adquiren os coñecementos e habilidades técnicas necesarios para destacar en sectores altamente competitivos e en constante evolución, e para que poidan contribuír eficazmente nas súas áreas de traballo. Por iso, é crucial traballar de maneira continua na calidade da formación universitaria. Con este propósito, estableceuse a aula Profesional na ETSE, co obxectivo de ofrecer cursos curtos, seminarios e talleres deseñados para reforzar competencias transversais, como o traballo en equipo, a comunicación oral, o manexo do estrés, etc. así como para fortalecer habilidades técnicas específicas do estudantado. Este recurso	

adicional na formación demostrou ser altamente valioso, mellorando a empregabilidade do noso alumnado e foi recoñecido como excelente polos comités externos encargados de avaliar os nosos programas. A partir do curso 2024-25, esta actividade converterase en obrigatoria para os estudantes do Grao en Enxeñaría Química polo que será necesario revisar o tipo e a cantidade de cursos ofrecidos para satisfacer as novas necesidades xurdidas deste cambio.

A rápida evolución tecnolóxica e os cambios no mercado laboral demandan que os docentes estean actualizados nas últimas tendencias, metodoloxías de ensino e ferramentas tecnolóxicas para preparar aos estudantes de maneira efectiva. Ademais, deben fomentar habilidades como o pensamento crítico, a resolución de problemas e a colaboración, fundamentais en contornas profesionais altamente competitivas. Unha formación sólida do profesorado non só garante a calidade educativa, senón que tamén impulsa a innovación e a excelencia no proceso de ensino. Por tanto, é importante promover cursos de actualización para o persoal docente, así como programas para transmitir novas habilidades aos graduados, aliñadas coas demandas do mercado laboral e da sociedade, facilitando así a súa inserción laboral.

Responsable de seguimento: Julia González Álvarez (Directora ETSE)	Inicio: 01/01/24 Fin: 31/12/26
Acción 1: Fortalecemento da oferta da Aula Profesional	
Responsable de execución: Coordinadores/as de título	Período de execución: 01/01/24-31/12/26
Evidencia documental: Publicación da oferta de actividades	Indicador: nº de novas actividades ofertadas Meta: Incrementar a oferta nun 25%
Acción 2: Establecemento dun programa de formación do profesorado	
Responsable de execución: Julia González Álvarez (Directora ETSE)	Período de execución: 01/01/24-31/12/26
Evidencia documental: Publicación da oferta de cursos	Indicador: nº cursos ofertados Meta: 2 cursos/ano

6.3 Liña estratéxica 3: Visibilidade da escola e servizo á sociedade

Liña estratéxica 3: Visibilidade da escola e servizo á sociedade	
Obxectivo estratéxico 3.1: Fortalecer a presenza da ETSE na sociedade	
Xustificación: A visibilidade da ETSE e o seu compromiso co servizo á sociedade son aspectos fundamentais para o desenvolvemento e a proxección da institución como un referente no ámbito da enxeñaría. Ao fortalecer a súa presenza na sociedade, a ETSE busca consolidar a súa posición como unha institución de excelencia académica e un actor clave na xeración de coñecemento e innovación tecnolóxica. Compartindo de maneira efectiva os seus logros, proxectos e contribucións coa comunidade académica, empresarial e social, a través de plataformas como X, Instagram, Youtube, a ETSE non só se posiciona como un centro de referencia que impulsa o progreso e o desenvolvemento sostible, senón que tamén amplía o seu alcance e visibilidade entre os seus beneficiarios, que inclúen estudantado, profesorado, investigadores, empresas colaboradoras e a sociedade en xeral. Ademais, ao promover unha comunicación transparente e accesible sobre os seus programas de estudo e áreas de investigación, a ETSE facilita o acceso á información e fomenta a participación de todos aqueles interesados na súa oferta educativa e proxectos de innovación.	
Responsable de seguimento: Nelly Condori Fernández (Secretaria ETSE)	Inicio: 01/01/24 Fin: 31/12/26
Acción 1: Difusión das actividades desenvoltas na ETSE nas redes sociais	
Responsable de execución:	Período de execución:

Nelly Condori-Fernández (Secretaria ETSE)	01/01/24-31/12/26
Evidencia documental: Publicación dos eventos, presenza activa en redes sociais como Instagram, X, Youtube	Indicador: nº de publicacións, nº subscriptores Meta: aumentar as publicacións e subscricións nun 25%
Acción 2: Preparación de materiais divulgativos dos títulos	
Responsable de execución: Coordinadores/as de título	Período de execución: 01/01/24-31/12/26
Evidencia documental: Materiais publicados	Indicador: nº materiais publicados Meta: 1 material/título de grao
Obxectivo estratéxico 3.2: Impulsar as relacións co tecido empresarial	
Xustificación: Na ETSE entendemos que toda Universidade pública ten un compromiso de servizo á Sociedade. Sendo unha escola de enxeñaría, o tecido empresarial é unha parte fundamental desa sociedade. A ETSE quere que esa relación coas empresas sexa bidireccional, cunha colaboración efectiva ao nivel de investigación, pero ao mesmo tempo fomentando que as empresas contribúan nos procesos formativos: na docencia. A ETSE xa ten mecanismos para esa colaboración, coma as prácticas curriculares do estudantado ou os comités consultivos. Outra ferramenta de grande aceptación por parto do estudantado son os foros de empresas e xornadas de empregabilidade, en que se poñen en contacto directo empresas e estudantado. A ETSE ten unha longa tradición na realización de Foros de Empresas, específicos para diferentes áreas de interese (informática, enxeñaría química, enxeñaría ambiental), que cómpre manter reforzar ou ampliar a novas áreas de interese. É fundamental continuar e mellorar estas accións, e desenvolver outras novas que permitan que a docencia e a investigación na ETSE se acheguen ás demandas das empresas (a Sociedade) e ao mesmo tempo achegar a realidade profesional ao noso estudantado, como parte do seu proceso formativo.	
Responsable de seguimento: Óscar Rodríguez Figueiras (Subdirector ETSE)	Inicio: 01/01/24 Fin: 31/12/26
Acción 1: Activación dos comités externos dos títulos	
Responsable de execución: Coordinadores dos títulos con comité externo	Período de execución: 01/01/24-31/12/26
Evidencia documental: Actas das reunións celebradas	Indicador: nº de reunións celebradas Meta: 1 reunión por título e ano
Acción 2: Promoción da participación do sector empresarial na docencia	
Responsable de execución: Coordinadores dos títulos	Período de execución: 01/01/24-31/12/26
Evidencia documental: Convocatoria das charlas	Indicador: nº charlas impartidas Meta: 2 charlas/semestre
Acción 3: Avaliación da organización e da calidade das prácticas e TFG/TFM de empresa	
Responsable de execución: Coordinadores de prácticas en empresa	Período de execución: 01/01/24-31/12/26
Evidencia documental: Enquisas realizadas	Indicador: Grao de satisfacción do estudantado coa realización das prácticas e TFG/TFM en empresa Meta: Media > 3,5 (sobre 5)
Acción 4: Reforzo dos Foros de Empresas no Centro	

Responsable de execución: Óscar Rodríguez Figueiras	Período de execución: 01/01/24-31/12/26
Evidencia documental: Enquisas dos Foros, convocatoria de foros e xornadas	Indicador: número de eventos organizados
	Meta: 2 eventos por ano
Obxectivo estratéxico 3.3: Atraer estudantado e acadar un maior equilibrio de xénero	
<p>Xustificación: Os títulos ofrecidos pola ETSE gozan, en xeral, dunha alta demanda. Por tanto, no que respecta a a captación de estudantes, o obxectivo debe ser dobre: cubrir as prazas ofertadas co mellor estudantado dispoñible. O centro e o seu corpo docente participan activamente en diversas actividades propostas polo programa A Ponte da USC. Con todo, é necesario intensificar a difusión dos programas entre os estudantes de bacharelato, aumentando a participación do profesorado na impartición de charlas temáticas e na proposta de proxectos StemBach. Isto permitirá dar a coñecer de maneira directa ao potencial estudantado o labor docente e investigadora que leva a cabo no centro.</p> <p>Doutra banda, na ETSE temos porcentaxes de alumnado feminino que distan bastante da igualdade, cunha media do 30% no curso 2022-23. Aínda que se detectou unha lixeira mellora no alumnado de novo ingreso nos tres graos, é crucial continuar co traballo que vén desenvolvendo a Comisión de Igualdade da ETSE desde a súa creación en 2021. Este traballo céntrase na captación de talento feminino, especialmente brindando visibilidade ás enxeñeiras egresadas do noso centro.</p>	
Responsable de seguimento: Julia González Álvarez (Directora ETSE)	Inicio: 01/01/24 Fin: 31/12/26
Acción 1: Aumento da proposta de proxectos STEM-BACH	
Responsable de execución: Julia González Álvarez (Directora ETSE)	Período de execución: 01/01/24-31/12/26
Evidencia documental: Oferta de proxectos STEM-BACH	Indicador: nº proxectos ofertados por profesorado da ETSE
	Meta: aumentar un 10% a oferta
Acción 2: Reforzo da participación do profesorado nas charlas temáticas A Ponte	
Responsable de execución: Julia González Álvarez (Directora ETSE)	Período de execución: 01/01/24-31/12/26
Evidencia documental: Rexistro das charlas celebradas	Indicador: nº charlas ofertadas
	Meta: aumentar un 10% a oferta
Acción 3: Visibilización das egresadas da ETSE	
Responsable de execución: Julia González Álvarez (Directora ETSE)	Período de execución: 01/01/24-31/12/26
Evidencia documental: Vídeos e pósters publicados	Indicador: nº vídeos/pósters publicados
	Meta: 1 póster + 2 vídeos por título de grao e ano
Obxectivo estratéxico 3.4: Implicar ao estudantado co centro	
<p>Xustificación: A escola ten a responsabilidade de formar ao seu estudantado e preparalo adecuadamente para os desafíos do mundo laboral. Neste proceso formativo, é esencial que os/as estudantes sentan que son parte integral do centro e teñan unha voz directa nas decisións que afectan a súa vida académica. Isto lógrase a través da súa participación como delegados/as de curso, representantes na xunta de escola e consellos de departamento, membros de comisións delegadas da</p>	

xunta de escola, entre outros roles. Por tanto, é imperativo traballar para fomentar e promover esta implicación estudantil, incentivando a expresión das súas ideas, preocupacións e intereses. A opinión do estudantado desempeña un papel fundamental para identificar tanto as fortalezas como as debilidades do centro e dos seus programas académicos, permitindo así formular accións de mellora cando sexa necesario. Con todo, nos últimos anos observouse unha baixa participación estudantil nas enquisas, tanto a nivel centralizado por parte da USC como nas internas do centro. Por tanto, é crucial implementar medidas para mellorar as taxas de resposta e, polo tanto, a fiabilidade dos resultados obtidos.

Doutra banda, a organización de actividades académicas ou culturais por parte das asociacións estudantís adscritas ao centro, así como o labor da representación estudantil, non só contribúe á formación integral dos estudantes, senón que tamén axuda a crear un ambiente positivo na escola e a aumentar a súa visibilidade. Neste momento, contamos con asociacións estudantís bastante activas e a representación do estudantado está a recuperar o seu papel como órgano de xestión dos labores de representación estudantil da escola. Por tanto, apoiaranse as propostas estudantís cos recursos e espazos dispoñibles.

Responsable de seguimento: Julia González Álvarez (Directora ETSE)	Inicio: 01/01/24 Fin: 31/12/26
--	---

Acción 1: Apoio ás asociacións estudantís da ETSE

Responsable de execución: Julia González Álvarez (Directora ETSE)	Período de execución: 01/01/24-31/12/26
Evidencia documental: Convocatoria dos eventos	Indicador: nº eventos organizados Meta: 2 eventos/semestre

Acción 2: Reforzo da participación do estudantado co centro

Responsable de execución: Julia González Álvarez (Directora ETSE)	Período de execución: 01/01/24-31/12/26
Evidencia documental: Resultados das eleccións de representantes en XE e da convocatoria de alumnado titor	Indicador: nº representantes en xunta de escola/nº alumnos/as titores/as, nº premios Beatrice Alice Hicks concedidos Meta: Cubrir o 50% da oferta, un premio por curso

Acción 3: Aumento da taxa de resposta do estudantado nas enquisas

Responsable de execución: Julia González Álvarez (Directora ETSE)	Período de execución: 01/01/24-31/12/26
Evidencia documental: Informes das enquisas	Indicador: Taxa de resposta Meta: Lograr taxas de resposta por encima do 40%

Obxectivo estratéxico 3.5: Potenciar o uso da lingua galega

Xustificación: A lingua galega é unha das principais demostracións da cultura propia de Galicia, e a USC ten un forte compromiso de defensa e potenciación da lingua. Como ferramenta de comunicación, este compromiso coa lingua galega debe demostrarse co seu uso (lingua viva). Dende a ETSE queremos mostrar o noso compromiso coa lingua galega en tódolos ámbitos, potenciando o seu uso por parte de todos os nosos membros (estudiantado, PTXAS, PDI) e en todos os ámbitos, dende o ensino ata a comunicación coa Sociedade.

Responsable de seguimento: Óscar Rodríguez Figueiras (Subdirector ETSE)	Inicio: 01/01/24 Fin: 31/12/26
---	---

Acción 1: Proposta de actividades por parte da Comisión de Normalización Lingüística da ETSE

Responsable de execución:	Período de execución:
----------------------------------	------------------------------

Óscar Rodríguez Figueiras (Subdirector ETSE)	01/01/24-31/12/26
Evidencia documental: Convocatoria das actividades	Indicador: nº actividades propostas Meta: 1 actividade/curso
Acción 2: Análise e potenciación do uso do galego nos TFG/TFM	
Responsable de execución: Óscar Rodríguez Figueiras (Subdirector ETSE)	Período de execución: 01/01/24-31/12/26
Evidencia documental: TFG/TFM escritos en galego	Indicador: nº de TFG/TFM escritos en galego Meta: Incrementar nun 20%

6.4 Liña estratéxica 4: Internacionalización

Liña estratéxica 4: Internacionalización	
Obxectivo estratéxico 4.1: Impulsar a internacionalización dos títulos	
<p>Xustificación: A internacionalización dos programas académicos constitúe un pilar estratéxico fundamental para o desenvolvemento e posicionamento global da ETSE. Esta orientación estratéxica cara á internacionalización responde á crecente demanda de profesionais altamente cualificados capaces de operar en contextos globais e multiculturalis, reflectindo a natureza intrinsecamente globalizada do sector tecnolóxico. Neste PE potenciarase este obxectivo fomentando a internacionalización dos nosos estudantes e dos nosos títulos.</p> <p>A mellora da oferta de intercambios de estudantes saíntes, a través de programas como o Erasmus+ ou os convenios bilaterais, permite enriquecer a formación académica e persoal dos estudantes mediante a exposición a diferentes sistemas educativos, enfoques metodolóxicos e culturas. Esta diversidade de experiencias contribúe ao desenvolvemento de competencias interculturais, adaptabilidade e habilidades lingüísticas, elementos todos eles altamente valorados no ámbito profesional. Así mesmo, a mobilidade estudantil fomenta a creación de redes internacionais, facilitando oportunidades de colaboración académica e profesional a longo prazo.</p> <p>Por outro lado, a creación de convenios para programas de dobre titulación e másteres conxuntos con universidades estranxeiras de prestixio representa unha estratexia clave para fortalecer a internacionalización da ETSE. Estes programas ofrecen aos estudantes unha educación integral, combinando as fortalezas e especializacións de dúas institucións, o que resulta nunha formación diferenciada e altamente competitiva. Ademais, facilitan o recoñecemento internacional dos títulos obtidos, aumentan a atracción de estudantes internacionais e promoven a colaboración en investigación e desenvolvemento entre institucións, contribuíndo así ao avance académico e tecnolóxico da nosa escola.</p> <p>En conxunto, estas accións estratéxicas non só contribúen á mellora da calidade educativa e á proxección internacional do centro, senón que tamén responden aos desafíos e demandas dun entorno tecnolóxico en constante evolución. A internacionalización dos programas académicos é, por tanto, unha inversión estratéxica no capital humano, esencial para o avance e a innovación nos campos da enxeñaría química, da informática e da intelixencia artificial.</p>	
Responsable de seguimento: Juan Carlos Vidal (Subdirector da ETSE)	Inicio: 01/01/24 Fin: 31/12/26
Acción 1: Mellora da oferta para intercambios saíntes	
Responsable de execución: Juan Carlos Vidal (Subdirector da ETSE)	Período de execución: 01/01/24-31/12/26
Evidencia documental: Novos convenios asinados	Indicador: nº estudantes ETSE en intercambios internacionais

Publicación de intercambios saíntes concedidos	Meta: Aumentar nun 25 % os intercambios saíntes
Acción 2: Procura e consolidación de convenios de dobre título de máster	
Responsable de execución: Coordinación dos títulos	Período de execución: 01/01/24-31/12/26
Evidencia documental: Convenios de dobre título asinados	Indicador: nº de convenios asinados/renovados
	Meta: 1 convenio novo, 100% de convenios renovados
Obxectivo estratéxico 4.2: Impulsar a internacionalización do PDI e do estudantado	
<p>Xustificación: A internacionalización do persoal docente e do estudantado é estratéxica para o desenvolvemento global e adaptabilidade nunha contorna académica e profesional en constante cambio. Neste sentido, promover a docencia en inglés dentro da escola eríxese como unha estratexia crave no marco da internacionalización tanto do profesorado como dos estudantes. Esta iniciativa responde á necesidade de adaptarse a unha contorna académica e profesional en constante evolución, no cal o inglés consolidou o seu papel como lingua franca, especialmente no ámbito científico e tecnolóxico. Ao adoptar o inglés como medio de instrución, ábrese a facultade a un alcance global, facendo os seus programas accesibles a estudantes de diversas partes do mundo. Esta accesibilidade non só enriquece o ambiente académico mediante a diversificación do seu corpo estudantil, senón que tamén prepara aos estudantes para os desafíos do mercado laboral internacional, onde a fluidez en inglés é a miúdo unha competencia indispensable.</p> <p>A inclusión do inglés na oferta académica facilita, ademais, a mobilidade internacional. Para os estudantes locais, representa unha oportunidade única para mellorar as súas competencias lingüísticas e culturais. Paralelamente, reduce as barreiras de entrada para estudantes internacionais, facilitando a súa integración e participación activa na vida académica. Este enfoque atrae igualmente a un profesorado de talla internacional, propiciando a colaboración en investigacións que transcenden fronteiras e contribúen ao avance tecnolóxico e ao recoñecemento global da escola.</p>	
Responsable de seguimento: Juan Carlos Vidal (Subdirector da ETSE)	Inicio: 01/01/24
	Fin: 31/12/26
Acción 1: Promoción da docencia en inglés nos graos e másteres	
Responsable de execución: Coordinadores/as dos graos e másteres	Período de execución: 01/01/24-31/12/26
Evidencia documental: PDA dos títulos	Indicador: nº materias ofertadas en inglés
	Meta: 1 materia optativa impartida en inglés por grao
Acción 2: Promoción da dispoñibilidade de materiais e exames en inglés para alumnado de intercambio nos graos e másteres	
Responsable de execución: Coordinadores/as dos graos e másteres	Período de execución: 01/01/24-31/12/26
Evidencia documental: Guías docentes	Indicador: % materias con alumnado de intercambio nas que se proporcionan materiais en inglés
	Meta: 60%

7. Desenvolvemento do PEC

7.1. Comisión ou grupo de traballo responsable da elaboración do PEC

Segundo establece o proceso *PE-01 Planificación Estratéxica* do Manual de Procesos do SGC da ETSE a Comisión de Calidade será a responsable, a iniciativa da Dirección, da elaboración do plan estratéxico. A composición da Comisión de Calidade da ETSE encargada da elaboración do plan foi a seguinte:

- Julia González Álvarez (Directora da ETSE)
- Juan Carlos Vidal Aguiar (Secretario da ETSE ata 13/02/2024 e Responsable Académico de Mobilidade)
- Nelly Condori Fernández (Secretaria da ETSE dende 14/02/2024)
- M. Carmen Palacios Oubiña (Responsable da unidade de xestión de centro e departamentos)
- Víctor Brea Sánchez (Coordinador do Máster en Visión por Computador)
- Alberto Bugarín Diz (Coordinador do Grao en Intelixencia Artificial)
- Marta Carballa Arcos (Coordinadora do Máster en Xestión Sostible da Auga)
- Almudena Hospido Quintana (Coordinadora do Grao en Enxeñaría Química)
- Manuel Mucientes Molina (Coordinador do Máster en tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data)
- Francisco Omil Prieto (Coordinador do Máster en Enxeñaría Ambiental)
- Pablo Quesada Barriuso (Coordinador do Máster en Computación de Altas Prestacións)
- Héctor Rodríguez Martínez (Coordinador do Máster en Enxeñaría Química e Bioprosos)
- Jorge Alberto Suárez Garea (Coordinador do Grao en Enxeñaría Informática)
- M^ª Jesús Taboada Iglesias (Coordinadora do Máster en Intelixencia Artificial)
- Hugo Carreira Rial (representante do estudantado)

Por outra parte, o equipo de dirección do centro traballou coordinado coa Comisión de Calidade durante todo o proceso de elaboración do plan.

7.2. Participación dos grupos de interese na elaboración do PEC

De acordo co proceso PE-01 (Planificación Estratéxica) do Manual de Procesos do SGC da ETSE a Comisión de Calidade será a responsable, a iniciativa da Dirección, da elaboración do plan estratéxico, así como de seleccionar os grupos de interese que deben ser consultados e a forma de obter esa información. O cargo responsable será o/a Director/a da Escola.

No que respecta aos grupos de interese implicados na elaboración do Plan Estratéxico están conformados polo profesorado, alumnado e persoal de apoio que participan a través da Comisión de Calidade do Centro e están representados na xunta de centro, o equipo de dirección, que forma parte de todos os órganos de decisión da Escola e tamén está representado nos órganos de decisión da universidade, e os comités consultivos que serán consultados polo centro para a elaboración do plan estratéxico. Os grupos de interese foron consultados en relación ás análises DAFO e CAME (Departamentos adscritos á ETSE, PTXAS da ETSE e membros da Xunta de Escola, 20/12/2023-19/01/2024) e na selección de obxectivos estratéxicos (Departamentos adscritos á ETSE, PTXAS da ETSE, membros da Xunta de Escola e Comités Consultivos, 18/03/2024-05/04/2024). A proposta inicial do Plan foi aprobada pola CCC na súa reunión de 18 de abril de 2024. Entre o 19 de abril e o 8 de maio de 2024 fíxose a exposición pública, incluíndo comunicacións específicas aos grupos de interese do centro e a elaboración final foi aprobada

pola CCC na súa reunión do 16 de maio de 2024. Finalmente, a Sección de Calidade da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización emitiu informe favorable con data de 2024 e a Xunta de Escola (/ /2024) e a Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno (/ /2024) aprobaron a versión definitiva do Plan Estratéxico da ETSE 2024-2026.

ANEXO V
MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS DE GRAOS E MESTRADOS UNIVERSITARIOS
IMPLANTACIÓN NO CURSO 2024-2025

DATOS BÁSICOS DO TÍTULO	
Centro	Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE)
Denominación do título	Máster Interuniversitario en Computación de Altas Prestacións
Ámbito de coñecemento (Artigo 8 RTOUSC, Anexo I RD 822/2021)	Ingeniería informática y de sistemas
Modalidade de impartición (Artigo 36 RTOUSC)	Presencial / Distancia

Descrición da modificación non substancial
Deberá xustificarse a modificación achegando a versión modificada do apartado correspondente da memoria onde se identifique claramente a modificación que se solicita respecto da memoria inicial
1. Descrición, obxectivos formativos e xustificación do título Añadir conforme al RD 822/2021 el ámbito de conodimiento del Máster: Ingeniería informática y de sistemas
2. Resultados do proceso de formación e aprendizaxe
3. Admisión, recoñecemento e mobilidade
4. Planificación das ensinanzas
5. Persoal académico e de apoio á docencia
6. Recursos para a aprendizaxe: materiais e infraestruturas, prácticas e servizos
7. Calendario de implantación do título
8. Sistema de Garantía da Calidade

Documentación que é preciso achegar coa proposta de modificacións non substanciais:

- Informe favorable motivado da Comisión de Calidade do Centro
- Acordo(s) da(s) xunta(s) do(s) centro(s) que interveñen na proposta